



# curtas

PROMOCION DAS CURTAMETRAXES GALEGAS



## Resolución de 17 de Xuño de 2004 do xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia pola que se convoca, dentro do Plan de promoción das curtametraxes galegas, o programa Curtas 04.

O Consorcio Audiovisual de Galicia, no exercicio das súas finalidades específicas, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, e no artigo 2 dos seus estatutos, considera oportuno establecer accións de promoción e difusión das curtametraxes de ficción e animación, actuación encadrable no ámbito das súas finalidades, mediante a concesión de axudas á promoción e divulgación, tanto no eido nacional coma no internacional, das curtametraxes realizadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Considérase adecuado establecer esta vía de apoio a un sector do audiovisual no que estes procesos, implícitos á produción, son moi complexos.

No exercicio da delegación expresa, concedida polo presidente do Consorcio Audiovisual de Galicia na reunión do Consello de Dirección celebrada o 21 de novembro de 2002;

### RESOLVE

Establecer as bases da convocatoria do programa Curtas 04, dentro do Plan de promoción das curtametraxes galegas.

### BASES

#### 1. Obxecto e orzamento

1. O obxecto desta convocatoria é a promoción e a difusión das curtametraxes realizadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por medio da elaboración dun catálogo da forma que a continuación se detalla:
  - O catálogo conterá un máximo de 10 curtametraxes, seleccionadas de entre todas as producidas na Comunidade Autónoma de Galicia, que cumpran con cantos outros requisitos establece a presente convocatoria, para a súa difusión entre os sectores e institucións involucrados na actividade audiovisual de Galicia e nos festivais e foros máis importantes neste xénero.
2. Para os efectos desta convocatoria, considéranse curtametraxes aquelas producións audiovisuais en formato 35 mm. ou Betacam, e cunha duración inferior aos 30 minutos.
3. Atendendo á natureza promocional do programa Curtas 04, os solicitantes deberán autorizar o Consorcio Audiovisual de Galicia, nos termos recollidos no anexo II, para que este desenvolva e promova as actividades ás que se refire esta convocatoria e para que poida incorporar nos soportes promocionais que se confeccionen unha parte ou a totalidade das seleccionadas.

4. A contía destinada polo Consorcio Audiovisual de Galicia a esta convocatoria financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 770.0 dos orzamentos do Consorcio para o exercicio 2004.

## 2. Persoas ou entidades beneficiarias

Poderanse acoller ao programa Curtas 04 as produtoras, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas, legalmente constituídas como tales na Comunidade Autónoma de Galicia e que teñan dereitos suficientes sobre a obra audiovisual presentada. As produtoras solicitantes deberán estar inscritas no Registro de Empresas do Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales (ICAA).

## 3. Órgano de xestión

Corresponderalle ao Consorcio Audiovisual de Galicia a realización das tarefas de xestión necesarias para a confección do catálogo e demais actividades de promoción previstas na convocatoria.

## 4. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes formalizaranse nos modelos de instancia que figuran como anexos, xunto coa seguinte documentación (anexo I):

### A. Documentación relativa á persoa/entidade.

#### A.1. Cando se trate de persoas físicas:

- Copia do DNI.

#### A.2. Cando se trate de persoas xurídicas:

- Copia da tarxeta de identificación fiscal (CIF).
- Copia da escritura de constitución da empresa.
- Copia do DNI do representante legal da persoa xurídica, así como acreditación do poder de representación que exerza.

#### A.3. Tanto persoas físicas como xurídicas:

- Copia de Alta no imposto de actividades económicas (IAE).
- Copia de inscrición no Registro de Empresas do Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales.

No relativo á documentación solicitada nos apartados A.1), A.2) e A.3), as copias estarán compulsadas ou senón, cando se proceda á presentación das copias no Consorcio, deberase amosar o documento orixinal para a súa verificación. **Se o solicitante xa achegou noutra convocatoria a documentación dos apartados nomeados anteriormente e esta non sufrira variación ningunha, non será necesario achegala de novo. De se dar o caso, presentarase unha declaración neste sentido.**

**B. Documentación relativa á actividade e materiais:**

- Acreditación de que a produtora ten copia física en propiedade e de que ten a dispoñibilidade total sobre esta, ben en formato de 35 mm. ou ben en Betacam, indicando o formato da copia que se pon á disposición do Consorcio.
- Unha copia en DVD.
- A ficha técnica da curtametraxe (en soporte informático).
- Sinopse da curtametraxe (en soporte informático).
- Catro fotografías en formato dixital (alta calidade, formato orixinal \*.eps ou \*.tif) da curtametraxe.
- Declaración do solicitante de que a curtametraxe foi realizada entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de marzo de 2004, ambos incluídos.
- Declaración dos festivais aos que foi presentada a curtametraxe que opta á presente convocatoria, así como calquera premio ou mención obtido.

**C. Declaración asinada de cesión dos dereitos de explotación: Reprodución, Distribución, Exhibición e Comunicación Pública, co único obxecto de executar o programa Curtas 04 (anexo II).**

**D. Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade nas distintas administracións públicas competentes (anexo III).**

**E. Certificación de titularidade de conta (anexo IV).**

Os modelos de solicitude e anexos pódense atopar na páxina do Consorcio:

<http://www.consorcioaudiovisualdegalicia.org> ou na sede do mesmo, sita na rúa do Hórreo, 61-1º, 15702 - Santiago de Compostela.

As solicitudes dirixiranse ao xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia e presentaranse na sede do mesmo. Tamén se poderán remitir por correo certificado ao enderezo indicado no parágrafo anterior.

Para calquera dúbida, pódense dirixir ao correo electrónico [info@consorcioaudiovisualdegalicia.org](mailto:info@consorcioaudiovisualdegalicia.org) ou ao número de teléfono 981 545 098.

2. O prazo de presentación de solicitudes comeza o día de publicación do anuncio desta Resolución no Diario Oficial de Galicia e remata aos 40 días naturais.
3. Non se tomarán en consideración aquelas solicitudes que non acheguen a documentación establecida no apartado 1 deste punto.

4. Se unha vez analizada a solicitude e a documentación que hai que acompañar se observase a existencia de defectos, comunicaráselle ao solicitante e concederáselle un prazo de dez días para a súa emenda, polos mesmos medios que os sinalados no apartado 1 deste punto. No caso de non emendar o defecto ou de facelo de modo inadecuado, entenderase que desiste da solicitude formulada.

### 5. Compatibilidade.

A participación neste programa será compatible con calquera outra axuda concedida por outras entidades para a mesma finalidade, e deberá presentar unha declaración de axudas solicitadas/recibidas por outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, empregando o modelo que figura como anexo III.

### 6. Comisión de Selección

1. Para seleccionar os proxectos presentados que pasarán a formar parte do Catálogo Promocional, reunirse unha Comisión de Selección que analizará as solicitudes.
2. A Comisión de Selección estará integrada por:
  - **Presidente:** xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia.
  - **Vocais:**
    - 1 vocal en representación do Centro Galego de Artes da Imaxe.
    - 2 vocais nomeados entre expertos do sector audiovisual.
  - **Secretario:** actuará como secretario da Comisión, con voz e voto, o secretario do Consorcio Audiovisual de Galicia.
3. O Catálogo incluírá un máximo de 10 curtametraxes, seleccionadas pola Comisión en base aos seguintes criterios:
  - a) A calidade da realización da curtametraxe, a dirección e a interpretación.
  - b) A calidade do guión.
  - c) O interese da curtametraxe. Valorarase especialmente a súa contribución a novas propostas cinematográficas.
4. Os membros da Comisión de Selección non poderán ter ningunha participación persoal nin profesional, nin relación empresarial ningunha coas produtoras das curtametraxes obxecto da selección.

## 7. Resolución

1. Á vista da proposta formulada pola Comisión de Selección, o xerente ditará resolución na que estableza as producións audiovisuais seleccionadas para formar parte do Catálogo e notifícalas aos interesados.
2. A resolución ditarase no prazo máximo de 3 meses, dende a finalización do prazo de recepción de solicitudes.
3. Transcorrido este prazo sen que se notifique resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

## 8. Dereitos das persoas ou entidades beneficiarias

1. Unha vez que a resolución de selección para a inclusión no Catálogo sexa ditada, utilizarase o material que acompaña a solicitude, así como a propia curtametraxe, para a confección de folletos publicitarios das curtametraxes seleccionadas, que incluírán unha breve sinopse, ficha técnica, fotografías e comentarios sobre esta, en galego, castelán e inglés. As produtoras das curtametraxes seleccionadas recibirán 5 carpetas do programa.
2. Ademais de cantas outras accións se poidan acometer para lograr a súa máxima difusión entre os sectores e institucións involucrados na comercialización e promoción dos materiais audiovisuais, os folletos publicitarios das curtametraxes do Catálogo han ser postos á disposición de todos os programadores cinematográficos públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia do resto do estado e do ámbito internacional.

Tamén se confeccionará un paquete promocional (pack) con estes folletos publicitarios, acompañados dun DVD coas curtametraxes subtituladas ao castelán e ao inglés, con fotografías de cada unha delas.

Este pack enviaráselles aos festivais e foros audiovisuais máis importantes a nivel internacional. Os beneficiarios recibirán información inmediata das contestacións destes festivais, sexan positivas ou negativas.

No caso de que a curtametraxe sexa seleccionada nun festival estranxeiro, o Consorcio Audiovisual de Galicia pagará o subtulado ao inglés dunha copia en 35 mm., sempre e cando a produtora puxera este formato á disposición do Consorcio para a implementación do programa Curtas 04. Esta copia será a que se utilice no resto dos festivais estranxeiros nos que a curtametraxe sexa seleccionada.

3. O Consorcio Audiovisual de Galicia ofertaralle o pase das curtametraxes do Catálogo ás distintas institucións e asociacións culturais galegas, co fin de dar público coñecemento das creacións e garantindo as proxeccións nas principais cidades e vilas de Galicia.
4. Os titulares das curtametraxes seleccionadas para a súa inclusión no Catálogo recibirán 105 € (IVE incluído) por cada pase realizado, cun máximo de 735 € (IVE incluído). Os gastos relativos aos dereitos de propiedade intelectual, derivados de todas as exhibicións, correrán por conta das produtoras das curtametraxes.

5. Os beneficiarios porán á disposición do Consorcio Audiovisual de Galicia unha copia en 35 mm. ou Betacam, para levar a cabo as proxeccións que se realicen dentro do programa Curtas 04.
6. Así mesmo, remitiráselle a publicidade aos responsables de compra de distintas televisións que teñan programacións de curtametraxes.
7. As copias das curtametraxes devolveránselles ás produtoras nun prazo máximo de 2 anos despois de seren inscritas no programa Curtas 04 e, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2006.

## 9. Pago

O pago das axudas realizarase a favor do beneficiario e con posterioridade á exhibición das curtametraxes nas distintas cidades galegas. O ingreso do pago realizarase na conta que o solicitante designe no anexo IV.

Santiago de Compostela, a 17 de Xuño de 2004

O xerente

**Ignacio Varela Ramos**

## Anexo I

### DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA

Denominación da persoa física ou xurídica

Enderezo

Código postal  Localidade

Teléfono  Fax

Correo electrónico

### DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR POLA PERSOA/ENTIDADE SOLICITANTE

#### 1. Documentación relativa á persoa/entidade:

##### A) Cando se trate de persoas físicas:

Copia do DNI.

##### B) Cando se trate de persoas xurídicas:

Copia da tarxeta de identificación fiscal (CIF).

Copia da escritura de constitución da empresa.

Copia do DNI do representante legal da persoa xurídica, así como acreditación do poder de representación que exerza.

##### C) Tanto persoas físicas como xurídicas:

Copia de alta no imposto de actividades económicas (IAE).

Copia de inscrición no Registro de Empresas do Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales.

Declaración de ter presentado noutra convocatoria esta documentación e non sufrir variación ningunha.



**2. Documentación relativa á actividade e aos materiais:**

- Acreditación de que a produtora ten copia física en propiedade e de que ten a dispoñibilidade total sobre esta, ben en formato de 35 mm. ou ben en formato Betacam. Indicar o formato.
  - 35 mm.
  - Betacam
- Unha copia en DVD.
- A ficha técnica da curtametraxe (en soporte informático).
- Sinopse da curtametraxe (en soporte informático).
- Catro fotografías en formato dixital (alta calidade; \*.eps ou \*.tif) da curtametraxe.
- Acreditación de que a curtametraxe foi realizada entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de marzo de 2004, ambos incluídos. (1)
- Declaración de asistencia a festivais. Tamén dos premios e mencións obtidos.

En , a  de  de 2004

Sinatura (2)

**Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia**

(1) Declaración responsable do solicitante.

(2) O asinante deberá coincidir con quen ocupe a representación legal da entidade.

## Anexo II

D./Dona  , con DNI  , no nome e representación de

CIF  Domicilio

(Deberase especificar se é en nome propio ou, no seu defecto, no da empresa á que representa, e indicar os seus datos identificativos, nome, CIF e enderezo).

### DECLARA

Que  é a empresa produtora da creación audiovisual titulada  , que presenta ao programa promocional Curtas 04 do Consorcio Audiovisual de Galicia

Título:

Duración:

Que a empresa que representa é titular ou ostenta os dereitos de explotación económica (Reproducción, Distribución, Exhibición e Comunicación Pública) sobre a mencionada creación audiovisual para atender as necesidades derivadas do mencionado programa promocional do Consorcio Audiovisual de Galicia, Curtas 04.

Que, a efectos da presente convocatoria, ten a conformidade dos autores da creación audiovisual, que autorizan o Consorcio Audiovisual de Galicia para que, por si mesmo ou por terceira persoa, dentro do programa promocional Curtas 04, dispoña da creación audiovisual

e, en concreto, dos dereitos antes mencionados, para que desenvolva e promova as actividades que se contemplan nesta resolución e para que poida incorporar, nos soportes promocionais que se confeccionen, unha parte ou a totalidade da referida creación audiovisual, no marco das actividades promocionais descritas no citado programa.

Que, así mesmo, autoriza o Consorcio Audiovisual de Galicia para efectuar copias en VHS e/ou DVD e/ou Betacam da citada produción, para o seu uso, aos únicos e exclusivos efectos do programa Curtas 04.

En  , a  de  de 2004

Asinado:

(Nome e dous apelidos)

DNI:

Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia

### Anexo III

#### Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade nas distintas administracións públicas competentes

D./Dona , con DNI  solicitante dunha axuda, en representación da entidade , para a finalidade do programa Curtas 04, ao abeiro da presente resolución, declara que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/s e que lle/s foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin.

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		CONTÍA
	SOLICITUDE	CONCESIÓN	

Non ter solicitado nin, en consecuencia, concedida ningunha axuda para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

En , a  de  de 2004

Asinado:   
(Nome e dous apelidos)

Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia

## Anexo IV

### Ficha de solicitude de transferencia bancaria

Titular da conta	DNI/NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO	
<input type="text"/>	
LOCALIDADE (INDICAR CÓDIGO POSTAL)	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

### Datos da conta

CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
BANCO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO	C.P.	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

### CERTIFICO:

Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

En  , a  de  de 2004

SINATURA DO SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia